



CONCERTO DO ORFEÓN HERCULINO



**Coa presentación en A Coruña do
“Himno para un Pobo Ceibe”**

Composta por X. Farruco de Sada

Centro Agora da Coruña

**Coa colaboración do Coro
Sta. Comba de Veigue (Sada)**

**Domingo
19 de Novembro
as 19:00 horas**

**Entrada de balde
ate completar
aforo**



Colaboran:



www.ferruxe.com



CORUÑA
PRÓXIMA

Coro Santa Comba de Veigue



Historial do Orfeón Herculino

O Orfeón Herculino xurdiu na cidade de A Coruña e deu o seu primer concerto en xullo de 1988 – polo que xa ten 29 anos de historia, e dende os comezos, o seu director e membro fundador D. Manuel Deus Lareo logrou un paulatino e recoñecido prestixio por teren participado en diversos certámenes, entre os que cabe destacar: *Encontros de habaneras* en distintos lugares de

Galicia; *Encontros de música de Nadal*, e *Encontros de música sacra* en Tui, Ferrol e Ourense. Desde 1990 – hai xa 28 años- organiza de xeito ininterrompido os *Encontros de Música Relixiosa* cidade de A Coruña.

O repertorio do Orfeón Herculino inclúe música relixiosa, renacentista, obras españolas e europeas, polifonía rexional española e galega, así como pezas folclóricas de diversos países latinoamericanos.

No ano 1995 estreou, dentro do VI Encontro de Música Relixiosa, a *Misa en honra do apóstolo Santiago* de Juan Montes e posteriormente a interpretou noutros concertos nas catedrais de Lugo, Santiago e Tui.

No ano 1999 acadou o 1º premio no concurso de Panxoliñas cidade de A Coruña organizado polo Concello.

En 2003 con motivo do seu XV Aniversario, presentou a sua Rondalla, dirixida dende entón por D. Antón Luaces Izquierdo e apadriñada polo Excmo. Concello de A Coruña e que, neste intre, a compoñen vinte instrumentistas.

Na actualidade vintecinco voces mixtas forman o Orfeón Herculino estando dez dos seus compoñentes en posesión da Medalla “Marcial del Adalid” que concede a Real Academia Galega de Belas Artes, e ten o apoio e respaldo de sesenta socios e simpatizantes. Forma parte da FECOGA (Federación Coral Galega). Dirixe o Coro desde o pasado mes de agosto Dª Ileana Delgado Fuentes.



X. Farruco: Compositor da Cantiga

Historia, motivos, argumentos e estrea do Hinno para un Povo Ceive:

A historia da composta, ten que ver coa esperanza de que un día as nazóns sen estado sexan libertas, para que as persoas que moran nelas poidan vivir máis felices na propia cultura, administrando as suas potencialidades.

Os motivos son os de deixar unha mostra perenne que non permita esquecer as nosas orixes, a pesar das eibas e a negación dos estados e organizacións ocupantes.

Os argumentos están ben claros na propia composición, que a pesar da ocultación sistemática dos valores dos povos sometidos e das apariencias impostas, nas cabezas e nos corazóns das xentes, continúan vivas as esperanzas de que algún día seremos libres. Como di a composta: “**chegará o momento do porvir e voltará un pasado a renacer...**”

A estrea, ten que ver co aniversario do Orfeón Herculino da Coruña, que decidiu incorporar no seu repertorio a cantiga, Hinno para un Povo Ceive, interpretada por primeira vez, no auditorio da casa da cultura de Sada, Pintor Llorens.

Esta excelente agrupación musical, xa estreara a Foliada das Rías Medias no Centro Agora da Coruña, no ano 2013 con un especial concerto polo seu 25 aniversario.



Coro Sta. Comba de Veigue

Nace o 13 do Nadal do ano 1996, dentro da sociedade “A Gaivoteira”, para recuperar esta actividade na parroquia. Actualmente conta con 35 voces mixtas cun repertorio de Alalás, Maneos, Foliadas, e Muiñeiras. Tamén conta con polifonía de Habaneiras, Panxoliñas,

Música Sacra,...etc. Nestes últimos anos veñen organizando “os camiños de Verán e Inverno” en Sada para que sirva de referente no concello. O director é o mestre Antón Fernandez Riveiro.

Himno para un povo ceive

Música e Letra: Xosé Farruco Fernández

Tiples

Sopranos

Tenores

Baixos

8

♩ = 80

Che - ga rá o mo - men - to do por - vir éo com pás dun - ha gai - ta so - a -
Lú - a no - va che - a bri - la - rá vol - ta rá un pa - sa - doa re - na -
Todos cin - gui - dos coa Pa - tria li - be - rada doa Pri - ma - vei - ra xa non e - xis - tea

7

rá a can ti - ga dun no - vo re - xur - dir on - dea sau da - de se - rá
cer óPo - bo cei - be a for - za lle da - rá o sol na - cen - te co - a
dor noi - tes cla - ras a No - sa Te - rra - ma da eo mar en cal - ma ca - mi -

HIMNO PARA UN POVO CEIVE

*Chegará o momento do porvir,
e o compás dunha gaita soará;
a cantiga dun novo rexurdir,
onde a saudade será feita realidá.*

*E ó mencer á sombra dos castiñeiros
durmirei sen a néboa escurecida;
coa fuxida de traidores mentireiros,
sairá da invernía, nosa Patria esquecida.*

*Lúa nova chea brillará,
voltará un pasado a renacer;
que ó Povo ceive a forza lle dará,
o sol nacente coa brisa do mencer.*

*E ó mencer á sombra dos castiñeiros
durmirei sen a néboa escurecida;
coa fuxida de traidores mentireiros,
sairá da invernía, nosa Patria esquecida.*

*Todos cinguidos coa Patria liberada,
coa Primaveira xa non existe a dor;
coas noites claras a Nosa Terra amada
e o mar en calma camiño do solpor.*

*E ó mencer á sombra dos castiñeiros
durmirei sen a néboa escurecida;
coa fuxida de traidores mentireiros,
sairá da invernía, nosa Patria esquencida.
sairá da invernía, nosa Patria esquecida.....*

Música e letra: Xosé Farruco Fernández

17-04-2014

Foliada das Rías Medias

Música: Carlos Fernández
Letra: Xosé Farruco Fernández

♩. = 70 §

Gaita1

Gaita2

10

19

pa - ra ca - la - ma - res Sa - da pa - ra xi - bas en Fon -
pa - ra v' - ño en Be - tan - zos nos ca - nei - ros pra ben

FOLIADA DAS RÍAS MEDIAS (LETRA)

Musica de retrouso

1/ Para **Cálamares** Sada
Para **Xibas** en Fontán
Para **peixeiros** louriñas-
o **porto** da **perla** é o **máis**
mariñán.

Para **viño** en Betanzos
Nos Caneiros pra ben ser
Para **múlleres** ben feitas-
as nosas Garelas até
convencer

2/ Para **Bérberechos** Miño
Para **Congro** no **Carbón**
As mulleres **doutra** banda-
son **das** máis bonitas e certo
que o són
En Arés e **Pontedeume**
Hai **Pateiros** para dar
As mociñas **desta beira**-
son **das** máis garridas que **hai**
neste mar

retrouso

A paisaxe máis linda que os
galegos temooooooooos
A muller da Galiza é-o máis
lindo que haaaaaaaaaaaaai
As das Rías Medias son do
melloriño
Confirmao a xente e o vento
que vai

Musica de retrouso

3/ Para **Polbo** no Mugardos.

As Piás Vieiras ten
Nestes **eidos** a beleza-
sempre **s'atopaba** e nas rías
tamén
Para **Melgachos** Ferrol
Marisquiño e **Samartin**
Do Ferrol son **as** Pepitas-
que **guapas**, que ollos, mirán
para mín

4/ Para **Péscada** A Coruña
A Torré percebes ten
A **rapaza** **churrusqueira**-
é **cascarilleira** a que vai ea que
ven
Nas Rías **Medias** bó peixe
Rodaballos miña nai
Lirpa, **Escacho** e **Cazón**
e **fermosas** mulleres **lindás**, de
carai.

retrouso

Musica de retrouso

5/ No Perillo e Culleredo
Hai ameixas a barrer
E a Ría no asexo-
Refreixa meninas moi lindas
de ver
Pola ponte da Pasaxe
O río Mero está a pasar
Ven do Burgo e sae en Oza-é

en Santa Cristina casáse co
mar

6/ De **Prioriño** ate o Couze
Rebalizas pra pescar
Raia, e Xardas ben fresquiñas-
pras nenas das Rías que
veñen bailar
Langosteira a **Corbeiroa**
Hai peixiños como grán
Salmonete e Faneca-é
Xurelo e Sardiñas pará o San
Xoan

retrouso

Musica de retrouso

7/ Nosa é-esta foliada
Que de **Sada** e do País
Dous fixeron que as **Rías**
Medias-
tiveran padriños de moita raís
E **tamén** que **s'espallara**
A cantiga **deste** lar
Destas **terras** **tan** fermosas-
que con **agaramo** fan-te
navegar

retrouso

A RIANXEIRA

A Primeira letra Orixinal grabada dicia así:

MOITO ME GUSTAS RIANXEIRA
QUE ESTAS EIQUI NA ARXENTINA
VERCHE CANTAR E BEILARE
COMO ALÁ NA TERRA MIÑA

**ONDIÑAS VEÑEN ONDIÑAS VEÑEN
ONDIÑAS VEÑEN E VAN
NON TE EMBARQUES RIANXEIRA
QUE TE VAS A MAREAR**

QUE GUAPA ESTABAS RAPAZA
CANDO CHE VIN NA RIBEIRA
TIÑA-LA CARA MORENA
COMA A VIRXE RIANXEIRA

**ONDIÑAS VEÑEN ONDIÑAS VEÑEN
ONDIÑAS VEÑEN E VAN
NON TE EMBARQUES RIANXEIRA
QUE TE VAS A MAREAR**

A VIRXE DE GUADALUPE
VAI NO YATE DE BALTAR
LEVANA OS RIANXEIROS
A REMOLQUE PO LO MAR

*Miña nai miña naiciña
Como a miña nai ningunha
Que me quentou a cariña
Con o calorciño da sua*

*Roda meu carriño roda
Po la meiga terra nosa
Que a tua ialma saudosa
Lonxe dela non se afai*

LETRA HIMNO GALEGO

Texto oficial

¿Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio **transparente**
do prácido luar?
¿Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co se ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor **cinguido**
e de benignos astros,
Confin dos verdes castros
E valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso **ronco** son,
mais sóo os iñorantes
e **féridos** e duros,
imbéciles e escuros
non os entenden,non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprimdo fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

Texto real

¿Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ó raio **transparente**
Do prácido luar...?
¿Que din as altas copas
de escuro arume **harpado**
co se ben compasado,
monótono fungar...?

“Do teu verdor **cinxido**
e de benignos astros,
confin dos verdes castros
e valeroso **clan**,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
Fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso **rouco** son;
mais sós os ignorantes
e **férridos** e duros,
imbéciles e escuros
non os entenden,non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprimdo fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán”.

PROGRAMA

Coro Galego Sta. Comba de Veigue: (dirixe Antón Fernández Riveiro)

1. Foliada de Pontevedra
2. Foliada Marmuradora
3. Maneo Cantareira e Feiticeira
4. Foliada As Miñas Cousas
5. Muiñeira Ribeirana de Vigo

Coral do Orfeón: (dirixe Ileana Delgado Fuentes)

1. O Galopin
2. Ve lai vai
3. Ruada de Chamosa
4. A Consuelo
5. Eu teño un canciño

Corais de Veigue e do Orfeón coa rondalla (dirixe Antón Luaces)

1. A rianxeira
2. Popurri galego
3. Grandola vila morena
4. Foliada das rías medias
5. Himno para un povo ceive

6. Himno galego

ORFEÓN HERCULINO



Coro+Rondalla

CORO STA. COMBA DE VEIGUE



Colaboran:



www.ferruxe.com



CORUÑA
PRÓXIMA

Coro Santa Comba de Veigue